

# Normas para a presentación da tese en formato electrónico

A tese de doutoramento en soporte electrónico corresponderase coa copia fidedigna entregada en papel para o seu arquivo. A estes efectos o/a autor da tese, debe de achegar unha declaración asinada e na que conste “conforme” do/a director/a da tese (modelo anexo I)

## Formato

Entregarase un único disco físico (CD, DVD) que estará identificado con letra de imprenta. Os datos que deben constar no disco (non na carátula) son:

Autor

Título da tese

Nome de Departamento/Instituto no que se presentou a tese

Ano

O exemplar da tese en formato electrónico deberá estar contido nun ou en varios arquivos en formato PDF.

Os arquivos PDF poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia.

## Seguranza

Os arquivos PDF non estarán protexidos con contrasinal, de forma que o documento poderá ser lido libremente e tamén poderán seleccionarse texto e gráficos.

Utilizaranse as seguintes opcións de seguranza:

- Impresión: permítese
- Ensamblaxe de documentos: non se permite
- Copia do contido: permítese
- Copia do contido para accesibilidade: permítese
- Extracción de páxina: permítese
- Comentario: non se permite
- Encher os campos de formulario: non se permite
- Firma: non se permite
- Creación de páxina de cadro : non se permite

## Número e tamaño dos arquivos

Se o tamaño do documento electrónico for importante, é necesario partir a tese en varios arquivos de menor tamaño (para facer mais manexable a súa descarga por Internet). O tamaño de cada arquivo non superará os 30 Mb. Empregaranse tantos arquivos como foren necesarios.

## Nome dos arquivos que conteñen o documento principal

Sexa, por exemplo, a tese de doutoramento defendida en 2005 por José Manuel Pérez López.

Se o documento principal da tese de doutoramento en formato electrónico consta dun só arquivo, este chamarase:

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005.pdf

En cambio, se o documento principal da tese doutoramento en formato electrónico

estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse:

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005\_01de3.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005\_02de3.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005\_03de3.pdf

No caso de que haxa varias persoas co mesmo primeiro nome e o mesmo primeiro apelido que lean a súa tese de doutoramento no mesmo ano, a Sección de Estudos Oficiais de Posgrao pode verse obrigada a realizar algunha modificación no nome dos arquivos.

Non deben utilizarse nin espazos nin acentos nin a ñ no nome dos arquivos co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.

## **Outros arquivos**

Poderán achegar arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia etc.) en formatos coñecidos.(TIFF, JPG, MPG...)

Nese caso, e para favorecer a súa identificación, o nome dos arquivos adicionais seguirá unha pauta similar á dos que conteñen o documento principal.

Por exemplo, o arquivo que contén un vídeo en formato MPG (o cuarto dun total de sete) na tese de José Manuel Pérez López podería chamarse:

2005\_UDC\_TD\_PerezJose\_Video\_4de7.mpg

O autor poderá indicar o tipo de arquivo que envía e a extensión propia deste arquivo, pero cando son varios arquivos, a numeración mantense a do conxunto.

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005\_01de4.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005\_02de4.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2005\_03de4.pdf

PerezLopez\_JoseManuel\_TD\_2004\_Video\_04de4.pdf

Poderán definir hipervínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos PDF que forman o documento principal da tese de doutoramento.

ANEXO I:

Presentación da tese en formato electrónico

D/D<sup>a</sup> ..... con DNI: .....

DECLARO:

Que o exemplar que se achega da miña tese en formato electrónico, correspóndese coa copia fidedigna que se entrega en papel para o seu arquivo.

A Coruña/Ferrol , .....de ..... de 201....

Sinatura do interesado

Conforme,  
O/A director/a da tese

Asdo.....